

CONSUELO FERREIRO REGUEIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na sesión ordinaria do 10 de marzo de 2016, aprobou por asentimento o "Acordo transitorio de nova oportunidade para os que esgotaron o número máximo de convocatorias".

E para que así conste, asino a presente certificación, en Santiago de Compostela, a 16 de marzo de 2016, co Visto e Prace do sr. Reitor.

Vº e Prace

O reitor

Juan M. Viaño Rey



ACORDO TRANSITORIO DE NOVA OPORTUNIDADE PARA OS QUE AGOTARON O NÚMERO MAXIMO DE CONVOCATORIAS

A Normativa de permanencia atópase dende principio deste curso académico en fase de modificación. Un dos seus cambios é o de permitir unha convocatoria extraordinaria para aqueles alumnos que xa esgotaron neste momento todas as convocatorias e oportunidades e que lle resten poucos créditos para finalizar os estudos.

Para salvar o feito de que no segundo semestre aínda non se aprobou esta modificación normativa e dada a información que se lle deu a estes alumnos no senso de permitirilles matricular do resto das materias ata a aprobación da modificación da Normativa de permanencia procede acordar de xeito extraordinario e transitorio que caso de ter esgotadas as convocatorias nalgunha das materias non optativas conforme ao establecido na Normativa de Permanencia e no caso de continuar matriculándose do resto de materias e sempre que lle resten como máximo 18 ECTS, sen contar o TFG ou TFM e as prácticas obrigatorias ou o practicum, poderá solicitar unha única convocatoria extraordinaria.

De estimarse a solicitude, deberá render exame nos períodos ordinarios do curso para o que lle fose concedida a convocatoria extraordinaria. No caso de ter consumidas as convocatorias na materia de TFG ou TFM tamén poderá solicitar unha convocatoria extraordinaria para a finalización de estudos.

No caso de non estimarse estas solicitudes, ou de non superar esa convocatoria extraordinaria, non se poderán continuar estudos na USC nesa titulación.